

## IV. ENTIDADES LOCAIS

### CONCELLO DA RÚA

#### *APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLA UTILIZACIÓN DA VIVENDA DE EMERXENCIA SOCIAL E VIVENDAS SOCIAIS*

Aprobación definitiva da Ordenanza fiscal reguladora das taxas pola utilización da vivenda de emerxencia social e vivendas sociais

O Pleno deste concello, na sesión ordinaria do 6 de maio de 2024, aprobou inicialmente a Ordenanza fiscal reguladora das taxas pola utilización da vivenda de emerxencia social e vivendas sociais.

Unha vez sometido o expediente a información pública, mediante o anuncio publicado na sede electrónica deste concello e no BOP n.º 96, do 20 de maio de 2024, durante o prazo de 30 días hábiles, non se formulou ningunha alegación ou reclamación e quedou aprobado definitivamente o expediente, polo que, en cumprimento do disposto no art. 17.4 do RD-lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, que aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, publícase o acordo provisional do 6 de maio de 2024, considerado automaticamente como definitivo, e que contén o texto íntegro da Ordenanza fiscal reguladora das taxas pola utilización da vivenda de emerxencia social e vivendas sociais.

Ordenanza fiscal reguladora das taxas pola utilización de vivenda de emerxencia social e as vivendas sociais do Concello da Rúa

#### Feito imponible

Artigo 1. É obxecto desta exacción ou taxa, a cesión, uso e aproveitamento privativo do piso de emerxencia social e as vivendas sociais xestionadas polo Concello da Rúa, durante un período determinado.

Haberá que diferenciar entre a vivenda de emerxencia social e as vivendas sociais, segundo o establecido na Ordenanza reguladora dos criterios de adxudicación, normas de funcionamento e utilización do piso de emerxencia social e vivendas sociais.

#### Suxeito pasivo

Artigo 2. Estará obrigada ao pago, sendo suxeito pasivo do feito imponible, a persoa física solicitante que resulte adxudataria e que será a persoa que subscriba o acordo de cesión tanto no caso do piso de emerxencia social como do da vivenda social municipal.

#### Base do gravame

Artigo 3. Tomarase como base do gravame a utilización mensual das vivendas, para o piso de emerxencia social a base será fixa e para as vivendas sociais dependerá do número de habitacións que dispoña a vivenda.

#### Obrigación de contribuír

#### Artigo 4

1. A obrigación de contribuír nacerá pola adxudicación ou autorización da cesión do piso de emerxencia social ou das vivendas sociais.



2. Ademais das taxas que se devindiquen, os suxeitos pasivos responderán de todos os danos que se produzan nos bens mobles ou inmobles, cuxa utilización se lles permita. Para responder deles, o/a adxudicatario/a deberá constituír na Tesourería municipal unha fianza, con carácter previo á sinatura do acordo de cesión, do seguinte importe:

- Para a vivenda de emerxencia social: cento trinta e cinco euros (135 €).
- Para as vivendas sociais, establécese como fianza a cantidade correspondente a unha mensualidade da taxa para a unidade familiar adxudicataria de dita vivenda.

3. A cesión e autorización para a estancia tanto na vivenda de emerxencia social como nas vivendas sociais son intransferibles, polo que os/as beneficiarios/as delas non poderán deixar os seus dereitos a terceiros, salvo nos supostos de subrogación establecidos na Ordenanza reguladora de adxudicación, normas de funcionamento e utilización da vivenda de emerxencia social e vivendas sociais.

#### Tarifas

Artigo 5. 1. As tarifas que se aplicarán estarán en vigor ata que o Pleno municipal acorde a súa modificación ou derogación.

Haberá que diferenciar nas tarifas os seguintes conceptos e características:

- Para a vivenda de emerxencia social aboaranse: cento trinta e cinco euros (135 €) mensuais.
- Para as vivendas sociais, será do 15% dos ingresos ponderados anuais da unidade familiar, segundo a regra establecida no artigo 13, punto 3 da Ordenanza reguladora dos criterios de adxudicación, normas de funcionamento e utilización do piso de emerxencia social e vivendas sociais.

2. Para conseguir un eficaz funcionamento da xestión das taxas, os/as beneficiarios/as deberán facilitarlle ao Concello a domiciliación do pago das súas cotas na entidade financeira que este determine.

#### Recadación

Artigo 6. O pago das taxas pola cesión tanto da vivenda de emerxencia social como das vivendas sociais efectuarase mensualmente.

A taxa obxecto da presente ordenanza devindicarase o primeiro día de cada mes, cuxo pago deberá realizarse de forma anticipada durante os 5 primeiros días laborables seguintes ao pagamento.

2. O incumprimento dos pagos nos prazos que o Concello estableceu determinará a aplicación inmediata da vía de constrinximento.

Artigo 7. As taxas ingresaranse na Tesourería municipal ou onde se lles indique para o efecto aos suxeitos pasivos.

#### Normas de xestión

Artigo 8. A adxudicación, normas de funcionamento e utilización tanto do piso de emerxencia social como das vivendas sociais axustarase ao que determina a Ordenanza reguladora dos criterios de adxudicación, normas de funcionamento e utilización da vivenda de emerxencia social e vivendas sociais.





## Disposicións finais

Primeira. En todo o non recollido na presente ordenanza, será de aplicación a Ordenanza reguladora dos criterios de adxudicación, normas de funcionamento utilización do piso de emerxencia social e vivendas sociais do Concello da Rúa e cantas disposicións sexan aplicables.

Segunda. A presente ordenanza entrará en vigor no mesmo día da súa publicación íntegra no Boletín Oficial de Ourense e unha vez que estea aprobada definitivamente a Ordenanza reguladora dos criterios de adxudicación, normas de funcionamento e utilización do piso de emerxencia social e vivendas sociais.

A Rúa, na data da sinatura electrónica. A alcaldesa.

Asdo.: María González Albert.

**R. 1.832**

